Unidade 5

# A DIMENSIÓN PRÁCTICA DA CULTURA

1. Cultura e necesidades humanas.
2. Factores da diversidade e do cambio cultural.
3. Interconexións entre a cultura material e a inmaterial.
4. Dinámicas actuais. Entre a desaparición e a protección da herdanza cultural.
   a) Agricultura tradicional e sostenibilidade.
   b) Coñecemento da biodiversidade.
   c) A soberanía alimentaria.
   d) Políticas para o desenvolvemento.

## 1. Cultura e necesidades humanas.

Nas unidades anteriores aprendimos xa como o concepto de cultura nos permite achegarnos á especificidade do ser humano e á diversidade que distingue unhas comunidades humanas doutras.

Cómpre lembrar a definición de cultura achegada por Tylor:

> "un todo complexo que inclúe coñecementos, crenzas, arte, moral, lei, costume e toda serie de capacidades e hábitos que o ser humano adquire en tanto que forma parte dunha sociedade dada"

Desde esta definición clasificamos a información que aglutina a cultura en tres niveis.

a) Descriptiva: aquilo que define, categoriza e explica a realidade.

b) Valorativa: o que define e e valora elementos desa realidade distinguindo o perxudicial do beneficioso.

c) Práctica: aquilo que serve para saber que hai que facer para aproveitarse do medio ou para solucionar os posibles problemas da experiencia diaria.

É preciso non perder de vista sen embargo que estes tres niveis se distinguen tan só para análise e o estudio das culturas, mais estas son un todo complexo onde cada elemento pode aglutinar unha carga valorativa, información descriptiva e unha dimensión práctica.

Destacar a importancia desta última non é máis que subliñar a centralidade da cultura na configuración do ser humano: a súa especificidade. Tal como vimos en unidades anteriores, o herdado xenéticamente non explica os distintos xeitos nos que o ser humano fai fronte as súas necesidades biolóxicas e soluciona as inclemencias do hábitat.

As necesidades de comida ou abrigo por exemplo son satisfeitas polo resto dos animais ben con características fisiolóxicas (garras, pel…) ou por conductas instintivas, isto é, por comportamentos complexos xeneticamente herdados. Así, a araña tece a súa tea, as abellas constrúen colmeas e os paxaros constrúen niños. A dimensión instintiva de tales comportamentos fai que estes permanezan invariables na vida das especies. Pola contra os seres humanos poden cobixarse en cabanas, iglús ou rañaceos, poden plantar patacas e coller peixes con redes e sofisticados aparellos, poden mesmo salgar algún tipo de pescado para proverse de alimento tempo despois… E ningunha desas cousas as sabe facer porque a especie humana naza con tales coñecementos. Son coñecementos adquiridos, aprendidos no seo dun grupo, isto é, socialmente. Tampouco podemos dicir que un individuo sexa o inventor de tales prácticas. Todos os descubrimentos, inventos e coñecementos son creados socialmente, na relación duns individuos con outros. Iso non quere dicir que todo se faga conxuntamente e anonimamente senón que toda creación perfecciona ou modifica coñecementos anteriores. Así, a cultura en tanto que construcción e herdanza social, en tanto que coñecementos xerados e transmitidos socialmente permítenos entender outra importante dimensión do ser humano: a súa dimensión histórica. Nas sociedades humanas, aínda que a cultura se identifique coa tradición pola súa dimensión de herdanza, as cousas nunca se fan do mesmo xeito que en épocas anteriores. As culturas son por definición cambiantes e dinámicas. E o ser humano en tanto que ser cultural é un ser histórico.

O antropólogo Bronislaw Malinowski, pai da corrente funcionalista moderna, ofreceu unha definición do concepto de cultura onde subliñaba a dimensión práctica desta:

"A cultura ten a súa orixe na loita que historicamente tivo que soster o ser humano como especie contra a natureza". *Una teoría científica de la cultura*.

Aínda que consideremos a cultura como o conxunto de solucións que unha sociedade humana constrúe historicamente en resposta ás súas necesidades, cómpre precisar que estas non son só biolóxicas. A estas habería que engadir, segundo a clasificación de Ralph Linton as sociais e as psíquicas.

**As necesidades biolóxicas** son aquelas que se derivan das características físicas do ser humano e que este comparte con outros animais pero que se a cultura non nos achega as técnicas para resolvelas nin os individuos ou os grupos humanos sobrevivirían. Así todas as culturas posúen técnicas para conseguir e preparar alimentos, teito ou vestimentas. Podemos dicir que as necesidades biolóxicas son cubertas ou satisfeitas de xeito cultural. Así pois, por exemplo, a necesidade de alimento resólvese dando lugar á cultura gastronómica de cada sociedade e esta reflictirá a abundancia ou escaseza de determinados vexetais ou animais na zona, a climatoloxía, as ideas e valores cos que o grupo clasifica o entorno, a estratificación social, etc. É evidente que comer é unha necesidade biolóxica pero o que se come (papaia ou polbo), co que se come (con garfos, coas mans ou con pequenos paus), onde se come (o redor dunha mesa alta con cadeiras ou sobre un coxín achegado a unha pequena mesa) ou a que horas do día ou da noite se come son respostas culturais non determinadas pola nosa bioloxía.

**As necesidades sociais** son aquelas que xurden da vida en comunidade. Cada cultura conta con técnicas organizativas, prácticas que fomentan e protexen a solidaridade dun grupo, xeitos de solucionar ou evitar conflictos e xeitos para preparar ou educar aos membros do grupo para ocupar posicións sociais. Neste apartado

poderíamos mencionar a diversidade de celebracións que en cada cultura están destinadas a fomentar a unión do grupo e a solidaridade entre os seus membros, as diferentes formas que existen, dependendo da cultura, de pedir favores ou o perdón ante unha ofensa, as distintas formas de educación, ou diversidade de xeitos de liderado e estratificación do poder.

**As necesidades psíquicas** son tan variadas como o respecto, a aceptación, a evasión, a diversión, a expresión creativa, lúdica ou humorística. Estas son satisfeitas nas distintas sociedades con mecanismos o estratexias diversas. O repertorio de xogos infantís en cada cultura pode reflectir a vida adulta dos membros desa sociedade mais tamén o peculiar xeito do grupo de entender e resolver a necesidade de diversión. O mesmo poderiamos dicir do sentido do humor, reflexo da historia, das ideas e valores dun grupo máis tamén síntoma do carácter non biolóxico da cultura.

2. Factores da diversidade e do cambio cultural.

As solucións que cada cultura constrúe en resposta ás necesidades humanas son diferentes. É por isto que falamos de diversidade cultural. A pouco que nos acheguemos a varias culturas apreciamos esta diversidade nas distintas técnicas empregadas en cada unha, nos diferentes coñecementos que cada lugar ten acumulado para executalas e nas valoracións das que técnicas e información están impregnadas.

Os estudos antropolóxicos teñen abordado a análise da diferentes culturas a partir dos datos etnográficos artellados a partir destes tres eixos fundamentais:

**Técnicas**: Habilidades e procedementos encamiñados á consecución dalgún fin. Por exemplo para o coidado do corpo (comidas, descanso, saúde, deporte, aseo),

para adquisición de productos (pesca, agricultura, minería), para a producción de obxectos e instrumentos (transporte, defensa, comunicación).

**Materiais** (cultura material): conxunto de obxectos producidos no seo dunha cultura. Inclúense aquí non so utensilios, ferramentas e maquinarias de traballo, senón tamén obxectos de uso doméstico, de ornamento, de embellecemento persoal, de xogo, etc…

**Ideas e valores**: Incluíndo aquí tanto os coñecementos requeridos para executar unha acción e acadar un fin práctico como as opinións compartidas polo grupo na súa interpretación da realidade física e social, así como aqueles patróns que distinguen o bo, o belo, o sensato, o axeitado e que determinan os sentimentos de repulsión, agrado, satisfacción, etc.

Nas súas orixes a antropoloxía definía o seu obxecto como o estudio de las sociedades primitivas. A partir dos 50 e 60 do  século vinte incorporou ó seu estudo  o medianamente lonxano e distinto: as sociedades tradicionais, o diferente e atrasado do noso propio entorno. Nestes primeiros pasos da disciplina á diversidade cultural era explicada desde un enfoque **evolucionista**. Partíase da premisa de que as culturas camiñaban da simplicidade á complexidade de xeito paralelo á mentalidade dos individuos e do grupo que as producía. O abandono deste suposto realizouse coa aparición doutros enfoques que querían explicar a diversidade e o cambio cultural desde unha óptica menos etnocéntrica. Así por exemplo o **funcionalismo** postulou que cada cultura é unha unidade de partes inseparables na que cada parte cumpre unha función en orde á estabilidade do sistema. O **materialismo cultural**, pola súa parte, adoptou como premisa inicial que son as condicións materiais  o factor determinante na configuración dos elementos culturais así como dos procesos de cambio cultural. Este último enfoque, baixo a influencia da ecoloxía humana, insistiu nos factores físicos do territorio, na demografía ou na climatoloxía, entre outros como elementos e condicións determinantes das diversas solucións culturais ás necidades humanas dentro de cada sociedade. Estableceuse aquí un longo debate coa **antropoloxía simbólica** ó insistir esta na carga valorativa e de significados como aquela parte das culturas que as explica en primeiro termo decide con maior peso nos procesos de cambio.

En resume ningunha escola ou corrente negou a diversidade cultural nin que os sistemas culturais sufran cambios, máis os eixes da discusión foron sempre a orixe da diversidade e a natureza dos procesos de cambio cultural.

Hoxe día, cando o obxecto de estudo antropolóxico tense ampliado ó característico das sociedades industriais e postindustriais e os procesos de convivencia das diferentes culturas no mundo actual novas temáticas fan a súa aparición na disciplina: estudios urbanos, de etnicidade, de xénero, ideoloxías do traballo, economía sumerxida ou a globalización. As vellas temáticas etnográficas e antropolóxicas artelladas nos eixos clásicos (técnicas, valores e información) despléganse dando lugar a un número case indefinido de subesplecialdades dentro da disciplina: antropoloxía da pesca, antropoloxía do mercado, antropoloxía da saúde, do turismo, da producción artística, etc

A antropoloxía médica ou de saúde, por exemplo, fixa a atención no feito de que cada cultura define e tipifica que é a saúde e enfermidade, elabora solucións para resolver os problemas de saúde, conceptualiza e trata o corpo e os síntomas de xeito diverso. Así, adícase ó estudo comparativo, transcultural dos conceptos de saúde e enfermidade nas distintas sociedades interesándose especialmente polas formas non occidentais do tratamento das enfermidades. Xa que moitas delas están en vías de desaparición como resultado da expansión da medicina occidental ou a desaparición física dos portadores deses coñecementos, en moitos casos membros de sociedades amazónicas e outras rexións tropicais a antropoloxía ocúpase tamén dos procesos de desaparición e mutación desas prácticas e coñecementos.

A evolución e ampliación do obxecto de estudo ten suposto ademais un cambio das técnicas de investigación e o xurdimento de novas formulacións teóricas. Estas insisten e profundizan no clásico imperativo de atender as interconexións entre o nivel técnico, valorativo e descriptivo de cada cultura. Ademais profundizan nunha nova óptica: nin as sociedades, nin as culturas deben darse por supostas, como si estiveran configuradas por unha esencia interna, senón están continuamente en construcción, desconstrucción e reconstrucción baixo o impacto de múltiples procesos: ecolóxicos, económicos, sociais, políticos, e comunicativos, que se dan dentro de cada sociedade a relación dunhas sociedades con outras.

3. Interconexións entre a cultura material e a inmaterial.

Nesta unidade, na que falamos da dimensión práctica da cultura, isto é, da cultura como conxunto de respostas e solucións á diversidade de necesidades individuais e de grupo, debemos insistir nas interconexións da cultura material e a cultura inmaterial.

Todo elemento material dunha cultura (ferramenta, construcción, ornamento, etc.) leva asociado o conxunto de coñecementos necesarios para a súa creación, as habilidades e as técnicas precisas para o seu axeitado uso, as condicións sociais e económicas que o logran facer pertinente nunha situación dada, os valores e ideas que categorizan o seu entorno, uso ou propiedade, e todos cantos elementos non materiais que o explican ou dan razón del.

Así, o hórreo galego (e en xeral os do occidente peninsular) é unha peza valorada da cultura material das zonas nas que é propio. Forma parte da cultura material en tanto que construcción visible. Como construcción estaba destinada a secar e gardar millo e outros froitos e protexelos dos ratos. Esta función non explica por si soa a súa importancia como complemento necesario da casa labrega, expoñente da súa capacidade reproductiva e símbolo das posibilidades económicas dos propietarios. Os horreos non son pois unicamente testemuñas das técnicas constructivas galegas, como non o son os muíños de vento do Campo de Cartagena ou as norias hidraúlicas dalgunhas comarcas murcianas. Son un dos elementos tanxibles dunha parte da historia económica dun territorio, coas súas técnicas de producción, aproveitamento e aforro enerxético, as relacións de poder que se establecían na dinámica de producción e as valoracións que se integraban nesa praxe.

O estudio e a catalogación de elementos culturais de carácter material en desuso téñense incluído entre as tarefas de antropólogos e antropólogas desde que estes empezaron a ser vistos como símbolos da identidade cultural e a riqueza histórica dos diferentes pobos. Os estudos antropolóxicos alertan sobre o risco de que esta posta en valor de elementos materiais dunha cultura se convirta na pura conservación de elementos exóticos e diferentes que pouco nos din do acervo de coñecementos e valores da cultura que o produciu. E o mesmo pódese dicir da patrimonialización de festas e celebracións que se catalogan polo seu carácter exótico con pouca contextualización no sistema cultural do que formaba parte.

Os políticas de reivindicación ou conservación de identidades nacionais, rexionais ou locais foron case desde os inicios acompañadas de leis de protección e

conservación dos elementos culturais que se valoraron como símbolos das diferentes comunidades. Dinámicas políticas e económicas (como o seu aproveitamento como recurso turístico) están na base da regularización, catalogación e conservación do que hoxe coñecemos como patrimonio cultural.

Dous puntos marcan hoxe o interese da antropoloxía con respecto a este patrimonio:

1º) A cultura é por definición cambiante e esta definición explica que vellas técnicas, valoracións e coñecementos caian no desuso. Mais non todo aquelo que desaparece, substituido ou non por un novo elemento é obxecto de políticas de conservación en atención o seu valor como símbolo da riqueza cultural dun pobo. Desde a antropoloxía estudianse as dinámicas políticas, económicas e sociais que explican a escolla de certos elementos culturais converténdose estes en símbolos identitarios

2º) En tanto que tanxibles os elementos materiais dunha cultura son máis susceptibles de ser protexidos e exhibidos como símbolos dunha identidade dada. Os estudos antropolóxicos insisten cada vez máis na imposibilidade de separar os elementos materiais dunha cultura (construccións, ferramentas, vestimenta) daqueles inmateriais (coñecementos, crenzas, valores) que explican a súa producción e uso.

## 4. Dinámicas actuais. Entre a desaparición e a protección da herdanza cultural.

No apartado anterior sinalabamos a necesidade, subliñada polo estudos antropolóxicos, de nos deslindar os elementos materiais e inmateriais dunha cultura dada. Sinalamos así mesmo como ese erro prioriza a maioría das veces a cultura material sobre a inmaterial, sobre todo en procesos de afirmación e conservación do patrimonio cultural. Este erro, en definitiva, esquece canto de dimensión práctica (de adaptación, de supervivencia, de usos dos recursos) ten cada cultura.

No actual contexto de globalización a antropoloxía está insistindo na necesidade de non esquecer esta dimensión, e en especial a chamada **antropoloxía aplicada**. Esta nova subespecialidade atopa o seu orixe na aplicación dos coñecementos e técnicas antropolóxicas para contribuír a solucionar problemas sociais derivados dos procesos de transformación económica e social.

No mundo actual están a convivir dúas dinámicas antagónicas:

Unha de homoxeneización, na que culturas enteiras ou elementos culturais de determinadas sociedades están desaparecendo absorbidas polo xeito de vida e o cambiante repertorio de elementos da capitalista sociedade occidental.

E a outra de valoración do repertorio de técnicas e outros elementos culturais de sociedades diversas. Unha valoración que non se esgota no valor testemuñal dunha vida pasada senón que reivindica a súa vixencia como modelo de vida, de producción, de relacións, etc… tan válido ou máis como as fórmulas occidentais que por todo o globo se están a espallar.

Presentamos a seguir varios exemplos desta paradoxal situación: que a conciencia sobre o valor dos coñecementos indíxenas, e en especial sobre a súa potencial achega á políticas de desenvolvemento ou en particular ó desenvolvemento sostible está a aumentar ó tempo que medra a ameaza sobre ese tipo de saber.

a) Agricultura tradicional e sostenibilidade

A agricultura tradicional dos Andes, antes considerada primitiva, hoxe é recoñecida polo potencial das súas prácticas e técnicas. Estas reivindícanse hoxe en tanto que poden ser de gran beneficio para as comunidades das rexións montañosas de todo o mundo. Estes métodos xa case non se utilizan pero desde durante moitos anos utilizábanse a gran escala, con suficiente eficacia para satisfacer constantemente as necesidades de subsistencia de millóns de persoas, sen comprometer o medio ambiente. Hoxe especialistas en agricultura e desenvolvemento rural buscan nos Andes opcións sostibles e moi productivas que non requiren de maquinaria, fertilizantes químicos, plaguicidas é outras tecnoloxías que o mercado capitalistas ten introducido no mundo agrario a pesar de ser custosas e nocivas.

b) Coñecemento da biodiversidade

As novas ciencias que están a encabezar a revolución tecnolóxica del siglo XXI basean a súa forza no coñecemento, catalogación e manipulación xenética da riqueza natural.

Así, o coñecemento da biodiversidade, base de moitas das tecnoloxías deste novo século, está sendo disputado polas grandes empresas multinacionais. Este coñecemento é a chave para alterar o sistema alimenticio (transxénicos), para promover avances na ciencia médica, para a creación de novos materiais

(biomateriais), novas enerxías (biomasa), novas armas biolóxicas, etc. Por isto un dos camiños mais doados que empregan estas multinacionais é a apropiación e o uso do coñecemento de comunidades e culturas agrícolas e indíxenas que historicamente coñecen e conservan a biodiversidade da súa contorna posto que dependen de esta para a súa supervivencia.

Éstimase que tres cuartas partes de todos os fármacos de prescripción de orixe vegetal que atopamos no mercado mundial ( cunha comercialización que supón o redor de 40.000 millóns de dólares anuais de beneficio) foron descubertos polo uso en medicinas indíxenas. Parte do coñecemento cultural de determinados pobos é expropiado, podemos dicir, sen ningunha contraprestación. As empresas multinacionais fíxanse no saber dos habitantes, e en especial das mulleres, de determinados pobos e nos elementos vexetais que usan na xestión das enfermidades para adquirir un saber que logo se traducirá en patentes, novas investigacións e polo tanto multimillonarios ingresos. E o que é peor, o resultado deste coñecemento roubado e procesado non se beneficiarán a totalidade dos habitantes do planeta senón só esa mínima parte que pode converterse en clientes de tales empresas.

Como exemplo destas prácticas podemos citar o contrato que en 1998 firmou o Ministerio del Ambiente de Venezuela (da administración do presidente Rafael Caldera) coa Universidade Federal de Zurich, Suiza, que lle outorgaba a esta os dereitos de acceso ós recursos xenéticos e a recursos "intanxibles", coñecementos e prácticas ancestrais das comunidades indíxenas, do territorio Yanomami. Este contrato foi suscrito sen a debida notificación ás poblacións Yanomami e sen o seu consentimento. Nos últimos anos se están a levantar voces en todo o mundo, especialmente en México e Brasil, que denuncian estes feitos entendendo que se trata de inusitados saqueos dos coñecementos ancestrais e da biodiversidade xenética de determonados territorios.

Por este motivo, e reclaman unha protección legal de tales coñecementos culturais fronte este tipo de piratería e, ó mesmo tempo, un marco xurídico que faga accesible o coñecemento a todas as poboacións. (Extraido do artigo de Gian Carlo Delgado Ramos “La piratería del conocimiento indigena de la biodiversidad” en *La Jornada*. México, 10 abril 2000)

c) A soberanía alimentaria




O concepto soberanía alimentaria foi introducido en 1996 por *Vía Campesina* (movemento campesiño internacional) en Roma, có gallo da Cumbre Mundial da Alimentación da Organización para a Alimentación e a Agricultura (FAO). Con este concepto se está a reivindicar a biodiversidade e a riqueza dos coñecementos agrarios locais, as técnicas agrícolas autóctonas das diferentes culturas. Ó mesmo tempo se denuncia que a súa desaparición é provocada polas actuais políticas neoliberais que a súa vez se apoian na recente posibilidade de patentar e modificar sementes.

La soberanía alimentaria defínese como o dereito dos pobos ou estados a definir a súa política agraria e alimentaria, sen dumping fronte a países terceiros. O dereito de labregos e labregas a producir os alimentos que saben e escollen e o dereito dos consumidores a poder decidir o que queren consumir e como e quen llelo produce.

*Vía campesina* denuncia que as políticas neoliberais destrúen a soberanía alimentaria, xa que priorizan no comercio internacional, e non na alimentación de los pueblos, que estas políticas non contribuíron á erradicación da fame no mundo senón que máis ben teñen incrementado a dependencia dos pobos das importacións agrícolas facendo perigar o patrimonio xenético, cultural e medioambiental do planeta, e tamén a nosa saúde. Estas políticas que se serven e apoian na manipulación xenética dos alimentos e nas patentes das sementes está facendo que centenas de millóns labregos e labregas teñan que abandonar a súas prácticas agrícolas tradicionais e se vexan condenados ó éxodo rural ou á emigración. Con gran celeridade a alimentación das persoas de todo o mundo depende dos intereses económicos das multinacionais que controlan o mercado alimenticio ( sementes, abonos, pesticidas) e menos dos saberes que cada cultura produciu e acumulou historicamente sobre os productos da terra.

d) Políticas para o desenvolvemento.

Actualmente moitas ONGs e moitos estados poñen en marcha programas de apoio ó desenvolvemento en zonas ou localidades do chamado terceiro mundo. Moitos destes programas puxeron en relevo que os ben intencionados obxectivos non sempre eran logrados se os programas se deseñaban lonxe da súa area de aplicación e de costas á cultura propia do lugar. Este tipo de fracasos resaltan o carácter holístico das culturas, estas son un todo nas que se integran técnicas, coñecementos, valores, etc.

O antropólogo George M. Foster (1974) explicou como os esforzos do goberno mexicano por mellorar a salubridade das aldeas a través da potabilización das augas resultaron durante moito tempo infructuosos. Realizadas desde a óptica dos enxeñeiros e seguindo o modelo de instalación sanitaria urbana occidental, os técnicos planificaron e construíron unha serie de lavadoiros nos pobos para evitar que as mulleres levaran a roupa ó río en condicións desfavorables. Cando os proxectos estiveron rematados os técnicos comprobaron con sorpresa que as mulleres lonxe de estar agradecidas, non tiñan ningún interese na innovación. Investigacións posteriores demostraron que elas aproveitaban as bogadas no río para comunicarse, intercambiarse as novas da aldea e informacións importantes sobre nacementos, mortes, parcelas en venta, etc. Como resultado os enxeñeiros modificaron os lavadoiros de xeito que as mulleres quedasen unhas fronte as outras e pudiesen seguir coa súa interacción social.

Ás veces á importación ou imposición dunha ferramenta ou dunha nova norma non logra ser asumida por unha comunidade ó chocar con outros elementos (normas, coñecementos, hábitos…) propios. Ás veces, mesmo un elemento importado xenera un problema ou conflicto que ata entón era inexistente na zona. Por estas cuestións cada vez máis recoñécese como un factor de éxito a incorporación do coñecemento local no deseño de políticas e programas de apoio ó desenvolvemento. Nesta liña é necesaria a incorporación a estes programas de profesionais da antropoloxía ou traballadores sociais que axuden a comprender a quen os deseña a cultura receptora.